



FACEMOS CIENCIA


INSTRUCCIÓN

Para completar esta tarefa deberás seguir as seguintes indicacións:

- Facemos grupos de 3/4 persoas.
- **FICHA 1:**
 - Lemos con atención os pasos a seguir do experimento a realizar.
 - Preparamos o material necesario.
 - Seguimos os pasos por orde para aplicar o método científico na nosa investigación.
- **FICHA 2:**
 - Unha vez realizado o experimento, completamos a ficha de investigación entre todos os membros do grupo.
 - Ao finalizar, cada grupo explica ao resto da clase os resultados obtidos e as conclusións ás que chegou.



A evaporación



Obxectivo

Demostrar como a evaporación permite separar unha mestura de auga e sal, deixando o sal sólido como residuo

Material

- Un recipiente resistente ao calor
- Unha fonte de calor)
- Un anaco de sal grosso
- Auga
- Pinzas ou luvas
- Culler para mesturar

1 Introducción

- O sal se dissolve formando unha solución. O obxectivo é separar o sal disolto facendo que a auga desapareza polo proceso de evaporación.



2 Preparación

- Verte auga no recipiente (aproximadamente a metade).
- Engade unha culler de sal grosso e remexe ata que o sal se disolva completamente



3 Colocación recipiente

- Coloca o recipiente sobre a fonte de calor con coidado.
- Asegúrate de que o recipiente está ben suxeito e supervisa sempre.



4 Evaporación

- Quenta a mestura e observa como a auga comeza a evaporarse.
- Conforme a auga se evapora, irás vendo pequenos cristais de sal formándose no fondo do recipiente.



5 Resultados

- Unha vez que toda a auga se evaporou, apaga a fonte de calor.
- Deixa arrefriar o recipiente antes de examinalo.
- Mostra os cristais de sal que quedaron no fondo.



6 Reflexión

- Onde foi a auga?
- Que queda no recipiente?
- Por que o sal non desapareceu coa auga?

Conclusións

- A evaporación é un proceso no que o líquido se transforma en gas ao ser quentado, mentres que o sólido queda como residuo.
- Este método é útil para recuperar sólidos disoltos en líquidos.



Precaucións


- Sempre supervisar ao alumnado durante o uso de calor.
- Usa luvas ou pinzas para manexar o recipiente quente.
- Non deixes a fonte de calor sen vixiar.



Facemos ciencia

Nome: _____

EXPERIMENTO Nº ____ : _____



Material

Pasos a seguir

Debuxo

Resultados

